



16ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 5 de decembro de 2023

Lugar: A reunión tivo lugar de forma presencial na Aula 1 do Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela e a través de videoconferencia mediante a plataforma Falemos.

Hora de comezo: 12.30 horas

Hora de remate: 13 horas

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura. Presidente
2. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos. Vogal
3. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia. Vogal, secretaria por substitución da titular.
4. Desirée Domínguez Pallas, Directora do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela. En representación do Consello Galego de Universidades. Vogal suplente.
5. Pilar Cagiao Vila, profesora de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela. Vogal
6. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia. Vogal [Telemática]
7. Carlos Iglesias Patiño, xefe do Servizo de coordinación e Planificación en representación do Instituto Galego de Estatística. Vogal.
8. Isabel Novo Castro, asesora xurídica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en representación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia: Vogal [Telemática]
9. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo. Vogal [Telemática]
10. Susana Díaz García, arquivista do Arquivo Municipal de Foz, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Vogal [Telemática]
11. Alba Pérez Fernández. Arquivo Territorial de Xustiza. Ourense [Telemática]
12. José Luis Castro Carpintero. Arquivista do Arquivo da Deputación de Pontevedra [Telemática].





Xustifican a ausencia:

1. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal.

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

2. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

Universidades da Coruña e Santiago de Compostela

- Exames e outras probas documentais da avaliación académica (Cód. U013)
- Expedientes de provisión de postos de traballo do persoal de administración e servizos funcionario mediante concurso de méritos (Cód. U019)

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

3.1. Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Arquivo municipal de Vigo

- Padróns do imposto sobre circulación de vehículos (Cód. AL594)
Táboa T0023 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1979-2000
Volume a eliminar: 200 unidades de instalación
- Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos (Cód. AL545)
Táboa T0024 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1967-2000
Volume a eliminar: 402 unidades de instalación

Deputación Provincial de Pontevedra

- Expedientes de contratación de servizos (Cód. AA199): propostas presentadas polas empresas candidatas e licitadoras que non resultaron adxudicatarias dos contratos
Táboa T0094 DOG núm. 116, do 20 de xuño de 2023
Datas extremas: 1956-2014
Volume a eliminar: 185 unidades de instalación

Intervención Territorial Delegada de Pontevedra (AT Pontevedra)





- Expedientes contables de gastos

Táboa T0101 DOG núm. 158, do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 2000-2012

Volume a eliminar: 575 unidades de instalación

Consellería do Mar (AT Pontevedra)

- Expedientes de permiso de explotación a pé de recursos mariños (PERMEX APÉ)

Táboa T0018 DOG núm. 97, do 23 de maio de 2019

Datas extremas: 2013-2019

Volume a eliminar: 61 unidades de instalación

Concello de Vilagarcía de Arousa

- Expedientes de multas en materia de tráfico

Táboa T0104 DOG núm. 158, do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 1997-2016

Volume a eliminar: 499 unidades de instalación

Arquivo de Galicia

- Expedientes de concursos de traslados de persoal docente de ensinanzas medias (AA0268)

Táboa T0014 DOG núm. 97, do 23 de maio de 2019

Datas extremas: 2003-2017

Volume a eliminar: 28 unidades de instalación

- Expedientes dos concursos de traslados de persoal docente de educación infantil e primaria (AA0269)

Táboa T0065 DOG núm. 169, do 2 de setembro de 2021

Datas extremas: 2013-2017

Volume a eliminar: 30 unidades de instalación

- Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza infantil e primaria (AA0484)

Táboa T0066 DOG núm. 169, do 2 de setembro de 2021

Datas extremas: 1996-2016

Volume a eliminar: 27 unidades de instalación

- Expedientes de probas selectivas do persoal docente de ensinanza secundaria (AA0486)

Táboa T0015 DOG núm. 97, do 23 de maio de 2019





Datas extremas: 2007-2017

Volume a eliminar: 108 unidades de instalación

- Expedientes de formación e xestión das listaxes de substitución ou interinidade de profesorado de ensinanza secundaria (AA4988)

Táboa T0038 DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2020

Datas extremas: 2014-2017

Volume a eliminar: 46 unidades de instalación

4. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:

1.Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

A subdirectora xeral de Arquivos e Museos comenta que se detectaron dous erros no borrador da acta enviada: Que María del Mar García aparece co cargo de secretaria suplente, cando estaba presente a titular e que María José García Sexto aparecía sen o primeiro apelido.

Carlos Iglesias comenta que non aparece como asistente e que asistiu a reunión telematicamente.

Despois de que o director xeral faga explícito que se farán estes cambios, apróbase a acta.

2.Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais presentadas polas universidades da Coruña e de Santiago de Compostela.

O director xeral de Cultura da a palabra a Desirée Fernández Pallas, directora do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela que presenta dous estudos de serie consensuados entre as dúas universidades galegas no ámbito do Grupo de traballo de Universidades vinculado ao Consello de Avaliación Documental de Galicia.

Ao facer uso da palabra, Desirée explica que a Universidade de Vigo abstívose de debatelos no citado Grupo de traballo por estar nestes momentos en fase de elaboración unha nova normativa para a avaliación académica nesta institución.

Serie U013. Exames e outras series documentais da avaliación académica

As probas académicas realizadas polo estudantado e cualificadas polo persoal docente teñen a finalidade de avaliar o seu nivel de coñecementos fundamentalmente a través de exames, probas orais ou traballos tutelados.

Aínda que o produtor é o persoal docente e investigador, establécense como unidades administrativas participantes as secretarías dos centros docentes posto que, no caso da USC, a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da USC, publicada no ano 2011, determina que unha copia do listado coas cualificacións e as rectificacións de cada materia debía ser depositado polo/a docente na secretaría do centro por un período mínimo de 5 anos mentres non existise unha aplicación





informática para o arquivo desta información (artigo 7.2.). Desde fai uns anos, na Secretaría Virtual o docente pode subir este tipo de documentación, entre outra, como as fichas electrónicas do alumnado.

Trátase dunha serie aberta que ten vinculación con outras series como as actas de cualificacións académicas, que teñen carácter compilador, e os expedientes académicos e os expedientes de revisión de exames, ambas de carácter complementario.

Considérase que finaliza o procedemento de avaliación coa inclusión da cualificación do alumnado na acta académica. A data de peche das actas consolidadas está establecida no Calendario do curso académico respectivo aprobado polo Consello de Goberno que acostuma a situarse entre setembro e outubro. Os prazos para a revisión (10 días hábiles seguintes á publicación das notas) e de reclamacións (10 días hábiles desde que se produciu a revisión), quedarían integrados dentro dese período. No caso da interposición dun recurso de alzada ante o reitor no prazo 1 mes a partir da data de recepción da resolución da comisión académica nomeada para decidir sobre a reclamación do/a alumno/a, o valor administrativo finalizaría coa resolución reitoral que esgota a vía administrativa.

Unha vez finalizado o valor administrativo dos exames e demais probas de avaliación do alumnado, o valor xurídico persiste nas actas académicas e nos expedientes persoais que contan coas certificacións académicas e tan só se aprecia un certo valor informativo e histórico nos modelos de exame en tanto que poden ter interese para a investigación da evolución do ensino universitario, da docencia e dos contidos das materias impartidas.

Por todo o exposto propónse a **eliminación total** destes documentos **ao remate do seguinte curso académico, conservando tan só como mostra o modelo de exame de cada materia**. Este prazo tan só se interrompe no caso de existir un proceso xudicial en curso.

No período previo á súa eliminación deben ser estes documentos de **acceso restrinxido** por razón da existencia de datos persoais non especialmente protexidos e polo deber de garantir a confidencialidade e segredo nos procesos de toma de decisións.

Serie U019: Expedientes de provisión de postos de traballo do PAS mediante concurso de méritos.

O concurso ordinario é o procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na RPT, na que se teñen en conta unicamente os méritos e capacidades e, no seu caso, as aptitudes exixidas para o desempeño do posto.

Para poder convocar o concurso, debe existir na RPT vacantes dotadas orzamentariamente, e no caso das Universidades é a Xerencia, no exercicio das competencias delegadas polo reitor pola resolución reitoral correspondente, o encargado de convocalas. A xestión corresponde ao Servizo de PAS no caso da UDC e ao Servizo de Planificación de Programación do PAS na USC

Trátase dunha serie que conta con abundante documentación en papel, a pesar de que as solicitudes e documentación anexa nos últimos anos é obrigatorio presentala por sede electrónica. Hai que ter en conta tamén que hai algunha convocatoria, sobre todo, nos últimos anos, que xa están a contemplar a gravación das intervencións dos aspirantes polo que existirán audios ou vídeos como parte da documentación.

Tendo en conta a permanencia do seu valor administrativo durante 4 anos, o seu valor xurídico substancial e un valor informativo e histórico que podemos considerar medio propónse a súa **eliminación parcial** aos **5 anos** desde o remate do procedemento, en tanto que non se considera relevante conservar **as solicitudes e documentación anexa** dos participantes nin tampoco as memorias ou proxectos que presenten cando se trata de postos singularizados, sendo ademáis o que máis volumen de documentación xera.



Dado o tipo de datos de carácter persoal que estes documentos conteñen proponse establecer un **acceso restrinxido** durante un período de **30 anos**.

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

O director xeral de Cultura fai a relación de propostas de eliminación presentadas e aclara que no caso das táboas T0101 e T0018 o órgano propoñente é o Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra e no caso das propostas que figuran como feitas polo Arquivo de Galicia son, en realidade do Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

4. Rolda de intervencións

O director xeral de Cultura comenta que debido a ausencia de María Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, por motivo dunha baixa médica, está sendo substituída na súa labor de secretaria por Mar García Miraz, xefa do servizo do Arquivo de Galicia.

Desirée Domínguez intervén para facer unha proposta ao Consello.

Dado que na reunión anterior se fixeran algunhas observacións aos estudos presentados polo grupo de universidades que tiñan que ver con criterios, sobre todo de carácter formal, tomados no Grupo de Traballo de Administración autonómica/Local propón unha maior coordinación entre os grupos para evitar estas diferencias.

O director xeral propón que quizá poderíase pensar nunha fusión dos dous grupos de traballo.

A subdirectora xeral de Arquivos e Museos afirma que esta fusión resultou moi produtiva no caso da Administración Local e Autonómica e que podería selo igualmente neste caso.

Gabriel Quiroga comenta que o único inconveniente que ve é que poda resultar un grupo excesivamente numeroso, pero, desde logo, está de acordo coa necesidade dunha maior coordinación.

O director xeral conclúe que haberá que pensar sobre o tema e Desirée manifesta que trasladará a proposta ao grupo de traballo.

ACORDOS





1. Aprobar a acta da sesión anterior
2. Aprobar as propostas de avaliación de series documentais das universidades da Coruña e de Santiago de Compostela presentadas.
3. Aprobar as propostas de eliminación de documentos presentados.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 13 horas

Santiago de Compostela,

Vº e praxe

A secretaria suplente

O presidente

María del Mar García Miraz

Anxo M. Lorenzo Suárez

